



MANUAL DE APLICACIÓN: CXT (Concurso Xeral de Traslados)

Última modificación: 31/10/2018

Índice de contido

1	Introdución.....	2
1.1	Acceso ao sistema.....	2
2	Participación.....	3
2.1	Creación dunha instancia.....	3
2.1.1	Instancia dividida en apartados: pestanas.....	4
2.1.2	Operacións	5
2.1.3	Mensaxes informativas.....	6
2.1.4	Datos persoais.....	7
2.1.5	Prazas participación.....	9
2.1.6	Dereito preferente centro.....	10
2.1.7	Dereito preferente localidade/zona.....	12
2.1.8	Concorrenca.....	14
2.1.9	Participación forzosa.....	15
2.1.10	Peticións.....	17
2.1.11	Validación final.....	19
2.1.12	Baremo.....	20
2.2	Busca dunha instancia.....	21
2.2.1	Ver instancia.....	22
2.2.2	Modificar instancia.....	22
2.2.3	Alegar baremo.....	22
2.2.4	PDF : Instancia / Baremo / Alegacións.....	24
3	Utilidades.....	25
3.1	Escoller concurso.....	25
4	Buzón de informes.....	26



1 Introducción.


A aplicación de **Concurso Xeral de Traslados** (en diante **CXT**) unifica a participación no Concurso Xeral de Traslados de primaria, orientación, secundaria e inspectores.


CXT permite cubrir as instancias para participar nos concursos de traslados antes mencionados. Durante este proceso, poderá verificar, comprobar, rectificar e validar os datos tantas veces como estime necesario. Unha vez cubertos e validados, permitiráselle imprimir a documentación xustificativa necesaria para remitir ao Servizo de Persoal.

Asemade, poderá seguir todas as fases do concurso, a través das distintas novas e listados que se publican durante o proceso.

1.1 Acceso ao sistema.


Para acceder ao sistema é preciso ter unha conta de correo electrónico no dominio "*edu.xunta.es*". (contas de correo electrónico que rematan en: *@edu.xunta.es*).

Para autenticarse no sistema desde a pantalla principal, prema o botón  situado na esquina superior dereita da pantalla.



Poderá identificarse no sistema coas seguintes opcións:

1. Usuario de educación
2. Chave365
3. Certificado dixital



Lembre que, por motivos de seguridade, só terá tres intentos para acceder á ferramenta; se os supera bloquearanse os seus datos de acceso a este servizo (nunca á conta de correo). Neste caso deberá contactar coa Unidade de Atención a Centros (UAC) para desbloquear a conta de acceso.

2 Participación.

Para comezar a cubrir a instancia diríxase á opción de menú *Participación*.

Móstrase unha pantalla como a da ilustración, onde deberá escoller o concurso aberto no que desexa participar. No exemplo seleccionase o concurso de secundaria.



Inicio

Listaxes concurso

Participación

Utilidades

Escoller concurso

Buzón de informes

Datos persoais

Concurso escollido: non seleccionado

Escoller concurso

Nestes intras a axuda non está dispoñible, desculpe as molestias.

Concursos abertos

Concurso

CONCURSO DE TRASLADOS 2017/2018 (SEGUNDARIA E OTROS)

-- Seleccione un elemento --

Secundaria

CONCURSO DE TRASLADOS 2017/2018 (SEGUNDARIA E OTROS)

Primaria

CONCURSO DE TRASLADOS 2018/2019 (PRIMARIA)

Inspectores

CONCURSO DE TRASLADOS 2018/2019 (INSPECTORES)

Orientación

CONCURSO DE TRASLADOS 2018/2019 (ORIENTACIÓN)

CONCURSO DE TRASLADOS 2017/2018 (ORIENTACIÓN)

Escoller

Sempre aparecerá unha referencia, no lado superior dereito da pantalla, ao concurso no que está traballando. Se desexa cambiar de concurso debe dirixirse á opción de menú *Utilidades > Escoller concurso* (ver apartado 3.1.).

2.1 Creación dunha instancia.

Para crear unha instancia, en primeiro lugar seleccione o corpo polo que desexa participar (só aparecerán aqueles dos seus corpos nos que pode participar no concurso escollido).

Existen tres tipos de creación de instancia:

- **Instancia baleira**, crea unha instancia sen datos, para cubrir desde cero.
- **Copia da última instancia validada**, crea unha instancia igual que a última que validou no concurso actual. Se valida unha instancia, e se da conta que inseriu algún dato incorrecto, pode, a través desta opción, crear unha exactamente igual, modificala, e validala de novo para imprimir e entregar en rexistro.
- **Copia da instancia entregada no concurso previo**. Co fin de facilitar a cubrición da instancia, permítese crear unha instancia a partir da entregada no anterior concurso de traslados.

Neste caso, como poden variar as condicións do concurso ou a modalidade coa que participa, certos datos da instancia pódense ver afectados.

Enviaráselle un correo electrónico detallando todos os cambios que se farán (automaticamente) con respecto á instancia do ano anterior. Deberá revisala e facer as modificacións que desexe para o concurso actual.



Inicio

Listaxes concurso

Participación

Utilidades

Buzón de informes

Datos persoais

As miñas instancias

Concurso escollido: CONCURSO DE TRASLADOS 2017/2018 (SECUNDARIA E OTROS)

Nestes intres a axuda non está dispoñible, desculpe as molestias.

Creación de instancias

Corpo de participación

590-Profesores de ensino secundario

Tipo de creación

Instancia baleira

Copia da última instancia validada

Copia da instancia entregada no concurso previo

Crear

Instancias rexistradas por vostede

Corpo de participación

590-Profesores de ensino secundario

Buscar Limpar

2 elementos atopados, amosando todos os elementos.

Resultados da busca

Código e corpo da instancia	Alta	Data validación	Estado	Prazo presentación instancias	Prazo reclamación resolución provisional
-----------------------------	------	-----------------	--------	-------------------------------	--

Lembre que, no suposto de participar no concurso de traslados por máis dun corpo, deberá presentar unha instancia por cada corpo que participe.

Desde o momento en que cree a instancia, se non tivera acceso a datos persoais, quedaralle habilitado automaticamente este permiso.

2.1.1 Instancia dividida en apartados: pestanas.

A instancia componse de varios apartados, e para facilitar a súa visualización/cubrición está dividida nas seguintes pestanas:

- **Datos persoais**
- **Prazas participación**
- **Dereito preferente centro**
- **Dereito preferente localidade/zona**
- **Concurrencia**
- **Participación forzosa**
- **Peticións**
- **Validación final**
- **Baremo**



Como caso particular, os inspectores cubrirán unha instancia mais reducida, cos seguintes apartados:

- **Datos persoais**
- **Dereito preferente localidade/zona e participación forzosa** (irán na mesma pestana)
- **Peticións**
- **Validación finalidade**
- **Baremo**

Datos persoais Prazas participación Dereito pref. centro Dereito pref. localidade/zona Concurrencia

Participación forzosa Peticións Validación final Baremo

Datos persoais Concurso escollido: CONCURSO DE TRASLADOS 2017/2018 (SECUNDARIA E OTROS)


Nestes intres a axuda non está dispoñible, desculpe as molestias.

Participante: 91014078L- docente_secundaria comun-, USUARIO PROBAS
Código e corpo da instancia: SX201710241677047c Corpo: 590-Profesores de ensino secundario

Sempre estará presente a información do concurso no que estamos a participar (no lado superior dereito), e como primeiros datos de cada unha das pestanas mencionadas anteriormente, o código da instancia e o corpo polo que estamos a participar, co fin de evitar confusións ao cubrir os datos.

2.1.2 Operacións

Cada unha das pestanas (excepto a de validación e baremo) contén unha parte da instancia, permitindo as seguintes operacións sobre os apartados que aparecen:




- *Gardar e revisar*: Permite gardar o apartado da instancia que se está a visualizar, valida os datos inseridos, e se todo foi correcto mostra unha mensaxe de confirmación. Se inseriu algún dato erróneo, avisará do erro e non permitirá gravar os datos.
- *Gardar e continuar*: O mesmo que o anterior, pero a maiores pasa á pestana seguinte, coa finalidade de completar a instancia en orde. É moi recomendable gardar os datos con este botón para cubrilos por orde.
- *Restaurar datos*: Esta opción usarase se desexa recuperar os datos que había a última vez que se gardou o apartado.
- *Cancelar*: Volve á listaxe das instancias creadas por vostede.




2.1.3 Mensaxes informativas

Ó longo do proceso de participación e cada vez que intente gardar un apartado, ou validar a instancia, mostraránselle distintas mensaxes informativas dos posibles erros ou informar que todo foi correcto. Estas son:

- Mensaxe de confirmación: Informan de que a operación solicitada concluíu correctamente.




- Mensaxe de aviso: Esta mensaxe aparecerá cando se detecte algunha incoherencia nos datos inseridos, pero permite gardar os datos.



- Mensaxe de erro: Se aparece esta mensaxe indica que introduciu datos erróneos e debe corríxilos para continuar cubrindo a instancia. A mensaxe de erro pode indicar xa o erro (exemplo: *Algunhas localidades de dereito preferente non existen*) :



Ou ser máis xeral e informar que se atoparon erros (*Atopáronse erros de validación. Por favor, comprobe os datos introducidos*):



Das dúas maneiras, aparecerá unha mensaxe do erro ao lado do dato que se detectou incorrecto, como se mostra a continuación:

Centro(s) dereito preferente

1. O centro non é galego



2.1.4 Datos persoais.

Nesta pestana da instancia incluíranse os seus datos persoais. Co fin facilitar o proceso, estes apartados aparecerán cubertos, cos datos que se dispoñen no Servizo de Persoal.

Desta maneira, abonda con que os revise, e se detecta algún erro debe corrixilo na aplicación *datospersoais* (<https://www.edu.xunta.es/datospersoais/>) ou poñerse en contacto directamente co Servizo de Persoal.

Os apartados son os seguintes:

- **Datos de identificación**, que inclúe nome, apelidos, DNI e sexo.
- **Datos de notificación**, isto é, enderezo completo, teléfonos de contacto (fixo e móbil) e enderezo de correo electrónico.
- **Datos laborais**, onde se especifica a especialidade de adquisición do corpo, o ano de convocatoria e a nota obtida.
- **Datos do destino** do curso actual, no que se especifica o tipo de destino dos últimos anos:
 - *Destino definitivo nos dous anos anteriores.*
 - *Destino provisional do ano actual.*
 - *En ningunha das situacións anteriores.*

Segundo o caso aparecerán cubertos os datos do centro referente ao destino provisional ou definitivo, e a especialidade, bilingüismo e vernáculo.

- **Modalidades de participación**: Neste apartado debe indicar a modalidade pola que participa.
Se non estivera de acordo coa modalidade que aparece marcada, pode modificala, pero indicarse cunha mensaxe de aviso que non coincide cos datos existentes, e debería contactar co Servizo de Persoal para comunicar esta desconformidade.
- **Especialidade de oposición**: Se participa para obter o seu primeiro destino definitivo aparecerá cuberto este campo coa especialidade de oposición. Se se encontra nesta situación e non se indica nada neste campo, póñase en contacto co Servizo de Persoal.

A especialidade de oposición non se cobre no caso de inspectores.



Datos persoais	Prazas participación	Dereito pref. centro	Dereito pref. localidade/zona	Concurrencia
Participación forzosa	Peticións	Validación final	Baremo	

Concurso escollido: CONCURSO DE TRASLADOS 2017/2018 (SECUNDARIA E OTROS)

Datos persoais

Nestes intres a axuda non está dispoñible, desculpe as molestias.

Participante: 91014078L- docente secundaria practicas cinco nove sete USUARIO PROBAS
Código e corpo da instancia: SX2017102415708239 Corpo: 590-Profesores de ensino secundario

Datos de identificación

Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome	DNI	Sexo
docente secundaria	practicas cinco nove sete	USUARIO PROBAS	91014078L	Muller

Datos de notificación

Enderezo	Localidade	Código postal
Rua de percebe, 13		15600
Teléfono fixo	Teléfono móbil	Enderezo electrónico
987654321	600000000	nonresponder@edu.xunta.es

Datos laborais

Especialidade de adquisición do corpo	Ano convocatoria	Puntuación obtida
590005-XEOGRAFÍA E HISTORIA	2004	7.6003

Datos do destino

Tipo de destino

Destino definitivo nos cursos 2016-2017 e 2017-2018
 Destino provisional no curso 2017-2018
 Ningunha das situacións anteriores, último destino definitivo

Último destino definitivo

Data de posesión	Data de cese	Centro
01/09/2014		15025682-IES Fraga do Eume
Localidade	Provincia	
1506907-Ponteume (Santiago)	A Coruña	
Praza ou posto polo que participa	Especialidade	Vernáculo
	590005-XEOGRAFÍA E HISTORIA	GALEGO
Itinerancia	Bilingüismo	
N		

Destino provisional

Data de posesión	Data de cese	Centro
Localidade	Provincia	
Praza ou posto polo que participa	Especialidade	Vernáculo
Itinerancia	Bilingüismo	

Modalidades de participación

Marque cunha "X" a modalidade pola que participa neste concurso

DESTINO DEFINITIVO
 EXCEDENTE VOLUNTARIO

Obrigados a participar por carecer de destino a consecuencia de:

RESOLUCIÓN FIRME DE EXPEDIENTE DISCIPLINARIO
 CUMPRIMENTO DE SENTENZA OU RESOLUCIÓN DE RECURSO
 SUPRESIÓN OU MODIFICACIÓN DO POSTO DE TRABAJO QUE DESEMPEÑABAN CON CARÁCTER DEFINITIVO
 REINGRESO CON DESTINO PROVISIONAL
 EXCEDENCIA FORZOSA
 SUSPENSIÓN DE FUNCIONS, UNHA VEZ CUMPRIDA A SANCIÓN
 CAUSAS ANÁLOGAS QUE IMPLIQUEN A PERDA DO POSTO DE TRABAJO QUE DESEMPEÑABAN CON CARÁCTER DEFINITIVO
 PROVISIONAL, QUE NUNCA OBTIVO DESTINO DEFINITIVO
 EN PRÁCTICAS

Se participa para obter o seu primeiro destino definitivo

Especialidade de oposición

Gardar E Revisar Gardar E Continuar Restaurar Datos Cancelar



2.1.5 Prazas participación.

Nesta pestana debe cubrir os tipos de prazas polos que participa (excepto se participa polo concurso de inspectores)

- **Tipos de praza polos que participa:** Deberá indicar por orde **todas** as especialidades das que é titular. É moi importante seleccionalas todas, xa que determinan as especialidades que poderá indicar en dereitos preferentes e participación forzosa. No caso de non cubrirse todas, engadiranse automaticamente na orde por defecto.

Se detecta algún erro ou considera que debería ter máis especialidades habilitadas que as que se mostran, pónñase en contacto co Servizo de Persoal.

Lembre, para evitar erros, que non deben aparecer prazas repetidas, e colocaranse por orde segundo as súas preferencias.

The screenshot shows a web interface for 'Prazas participación'. At the top, there are tabs for 'Datos persoais', 'Prazas participación', 'Dereito pref. centro', 'Dereito pref. localidade/zona', 'Concurrencia', and 'Participación forzosa'. Below these are sub-tabs for 'Peticións', 'Validación final', and 'Baremo'. The main content area is titled 'Tipos prazas participación' and includes the text 'Concurso escollido: CONCURSO DE TRASLADOS 2017/2018 (SECUNDARIA E OTROS)'. A message states 'Nestes intres a axuda non está dispoñible, desculpe as molestias.' Below this, there is a text box with participant information: 'Participante: 91014078L- docente_secundaria comun- USUARIO PROBAS' and 'Código e corpo da instancia: SX201710241677047c Corpo: 590-Profesores de ensino secundario'. The section 'Tipos de praza polos que participa' contains a dropdown menu with the text 'Consigne en orden os tipos de praza polos que participe' and a selected option '01. 590005-XEOGRAFIA E HISTORIA'. At the bottom, there are four buttons: 'Gardar E Revisar', 'Gardar E Continuar', 'Restaurar Datos', and 'Cancelar'.



2.1.6 Dereito preferente centro.

Nesta pestana debe cubrir os dereitos preferentes a centro no caso de exercer este dereito. Lembre que só poderá solicitar centros pertencentes á Comunidade Autónoma.

Os inspectores non cubrirán este apartado.

Os apartados a cubrir son os seguintes:

- **Exerce dereito preferente a centro:** Marque esta opción se exerce dereito preferente a centro e siga cubrindo. No caso de non exercer este dereito, deixe todo o apartado en branco e diríxase á seguinte pestana.
- **Centro de dereito preferente:** Debe inserir o código do centro de dereito preferente ao que desexa optar.
- **Suposto polo que exerce este dereito.** Selecciona entre os supostos que se mostran:
 - *Por supresión da praza ou posto*
 - *Por modificación da praza ou posto*
 - *Por desprazamento do centro por insuficiencia de horario*
 - *Por adquisición de novas especialidades*
- **Datos do tipo de praza:** Insira por orde de preferencia os códigos dos tipos de praza ou postos polos que desexa exercer este dereito. Debe indicar a especialidade (que se corresponda cunha das especialidades que seleccionou no apartado anterior), e os datos referentes a vernáculo, bilingüismo e itinerancia.

Na inserción dos tipos de praza non deben aparecer postos repetidos, nin prazas dunha especialidade que non estea habilitada. Ofrecénselle unha serie de operacións para facilitar o proceso, estas son:

- Operacións de inserción de prazas:
 - *Engadir ó final:* Engade o tipo de praza ao final da lista.
 - *Engadir na posición X:* Engade o posto na posición X indicada.
 - *Substitúe o tipo de praza da posición X:* Substitúe a praza da táboa da posición X pola nova que desexamos inserir.
- Operacións de eliminación/modificación de prazas: Se desexa eliminar algún tipo de praza, ou variar a súa posición, primeiro secciona as filas afectadas:
 - *Eliminar:* Elimina as filas seleccionadas.
 - *Mover á posición X:* Move a fila seleccionada á posición X.



Datos persoais Prazas participación Dereito pref. centro Dereito pref. localidade/zona Concorrencia

Participación forzosa Peticións Validación final Baremo

Concurso escollido: CONCURSO DE TRASLADOS 2017/2018 (SECUNDARIA E OTROS)

Dereito preferente centro

Nestes intreos a axuda non está dispoñible, desculpe as molestias.

Participante: 91014078L- docente_secundaria comun- USUARIO PROBAS
Código e corpo da instancia: SX201710241677047c Corpo: 590-Profesores de ensino secundario

A cubrir se exerce dereito preferente a centro

EXERCE DEREITO PREFERENTE A CENTRO

Centro(s) dereito preferente

1. 36013761

Suposto polo que exerce este dereito

Por supresión da praza ou posto
 Por modificación da praza ou posto
 Por desprazamento do centro por insuficiencia de horario
 Por adquisición de novas especialidades

Datos do tipo de praza

Consigne por orden de preferencia os códigos dos tipos de praza ou posto polos que desexa exercer este dereito.

Especialidade *
-- Seleccione un elemento --

Vernáculo Bilingüismo Itinerancia *
-- Sen indicar -- -- Sen indicar -- Non

Engadir ó final Engadir na posición Substitúe o tipo de praza da posición

	Orden	Tipo praza	Vernáculo	Bilingüismo	Itinerancia	Outros
<input type="checkbox"/>	1	590005- GEOGRAFIA E HISTORIA	GALEGO		Non	

Eliminar Mover á posición

Teña en conta á hora de cubrir este apartado, para evitar erros:

- Se exerce dereito preferente a centro debe cubrir o centro, o suposto polo que exerce este dereito e os tipos de praza.
- Se non exerce dereito preferente a centro non debe cubrir nada deste apartado, debe deixar todo en branco.
- Lembre que a lonxitude do centro é de 8 díxitos, e debe pertencer á Comunidade Autónoma (isto é, comezar por 150, 270, 320 ou 360).
- O centro debe existir no concurso correspondente.
- Para cubrir as prazas, teña en conta:
 - Debe consignar as especialidades das que é titular ou para as que está habilitado (as que seleccionou no apartado 2.1.5) dándolles prioridade coas posibles combinacións de vernáculo, bilingüismo e itinerancia.
 - Se indica vernáculo teña en conta que debe estar en posesión do perfil vernáculo que indique, e este debe pertencer á especialidade escollida.



- Se indica bilingüismo, debe estar en posesión do perfil bilingüe que indique. Lembre que o bilingüismo debe pertencer á especialidade escollida.
- É obrigatorio indicar se a praza que solicita é itinerante ou non.
- Revise os datos inseridos, con especial coidado á lista de postos polos que desexa exercer este dereito, e non esqueza gardar ó final.

2.1.7 Dereito preferente localidade/zona.

Neste apartado debe cubrir os dereitos preferentes a localidade/zona. Lembre que só poderá solicitar localidades ou zonas da Comunidade Autónoma.

Os datos a cubrir son os seguintes:

- **Exerce dereito preferente a localidade ou zona:** Marque esta opción se exerce dereito preferente a localidade ou zona e siga cubrindo o apartado. No caso de non exercer este dereito, deixe todo o apartado en branco e diríxase á seguinte pestana.
- **Localidade de dereito preferente:** Debe inserir o código da localidade de dereito preferente. A orde dos centros dentro de cada localidade especificarase máis adiante no apartado de peticións (apartado 2.1.9), peticións marcadas como dereito preferente a localidade.
- **Zona de dereito preferente:** Debe inserir o código da zona de dereito preferente.
- **Suposto polo que exerce este dereito.** Selecciona entre os supostos que se mostran:
 - *Por supresión ou modificación da praza ou posto*
 - *Por desprazamento do centro por insuficiencia de horario*
 - *Por desempeñar outro posto na Administración Pública con perda da praza docente*
 - *Excedencia voluntaria por coidado de familiares*
 - *Por cese na adscrición en postos docentes no exterior*
 - *En virtude de sentenza ou recurso administrativo*
 - *Por rehabilitación no servizo activo tras xubilación por incapacidade*
- **Datos do tipo de praza:** Insira por orde de preferencia os códigos dos tipos de praza ou postos polos que desexa exercer este dereito. Debe indicar a especialidade (que se corresponda cunha das especialidades que seleccionou no apartado 2.1.5), e os datos referentes a vernáculo, bilingüismo e itinerancia.

Se é inspector non terá que cubrir estas prazas.

Na inserción dos tipos de praza non deben aparecer postos repetidos, nin prazas dunha especialidade que non estea habilitada. Existen unha serie de operacións para facilitar o proceso:

- Operacións de inserción de prazas:
 - *Engadir ó final:* Engade o tipo de praza ao final da lista.
 - *Engadir na posición X:* Engade o posto na posición X indicada.
 - *Substitúe o tipo de praza da posición X:* Substitúe a praza da táboa da posición X pola nova que desexamos inserir.
- Operacións de eliminación/modificación de prazas: Se desexa eliminar algún tipo de praza, ou variar a súa posición, primeiro seccione as filas afectadas:
 - *Eliminar:* Elimina as filas seleccionadas.
 - *Mover á posición X:* Move a fila seleccionada á posición X.



Datos persoais Prazas participación Dereito pref. centro Dereito pref. localidade/zona Concorrencia

Participación forzosa Peticións Validación final Baremo

Concurso escollido: CONCURSO DE TRASLADOS 2017/2018 (SECUNDARIA E OTROS)

Dereito preferente localidade zona

Nestes intres a axuda non está dispoñible, desculpe as molestias.

Participante: 91014078L- docente secundaria practicas cinco nove sete. USUARIO PROBAS
Código e corpo da instancia: SX201710241677047c Corpo: 590-Profesores de ensino secundario

A cubrir se exerce dereito preferente a localidade ou zona

EXERCE DEREITO PREFERENTE A LOCALIDADE OU ZONA

Localidade(s) dereito preferente

1. 360381301

Zona(s) dereito preferente

1.

Suposto polo que exerce este dereito

Por supresión ou modificación da praza ou posto
 Por desprazamento do centro por insuficiencia de horario
 Por desempeñar outro posto na Administración Pública con perda da praza docente
 Excedencia voluntaria por coitado de familiares
 Por cesamento na adscrición en postos docentes no exterior
 En virtude de sentenza ou recurso administrativo
 Por rehabilitación no servizo activo tras xubilación por incapacidade

Deseleccionar

Datos do tipo de praza

Consigne por orden de preferencia os códigos dos tipos de praza ou posto polos que desexa exercer este dereito.

Especialidade *
-- Seleccione un elemento --

Vernáculo Bilingüismo Itinerancia *
-- Sen indicar -- -- Sen indicar -- Non

Engadir ó final Engadir na posición Substitúe o tipo de praza da posición **Aplicar**

	Orden	Tipo praza	Vernáculo	Bilingüismo	Itinerancia	Outros
<input type="checkbox"/>	1	590005- GEOGRAFIA E HISTORIA	GALEGO		Non	

Eliminar Mover á posición **Aplicar**

Gardar E Revisar **Gardar E Continuar** **Restaurar Datos** **Cancelar**

Teña en conta á hora de cubrir este apartado, para evitar erros:

- Se exerce dereito preferente a localidade ou zona debe cubrir obrigatoriamente a localidade, o suposto e os tipos de praza. A zona será opcional.
- Se non exerce dereito preferente a localidade non debe cubrir nada deste apartado.
- Lembre que a lonxitude da localidade é de 9 díxitos, e debe pertencer á Comunidade Autónoma (o código debe comezar por 15, 27, 32 ou 36).
- A lonxitude da zona será de 6 díxitos.



- Tanto a localidade como a zona (se é o caso) deben existir no concurso correspondente.
- Se indica zona, debe ser obrigatoriamente a da localidade que indicou.
- Lembre que se exerce dereito preferente a centro e dereito preferente a localidade ou zona, o centro indicado no apartado anterior debe pertencer á localidade indicada nesta. Só no caso de exercer os dous dereitos.
- Para cubrir as prazas, teña en conta (excepto inspectores):
 - As especialidades que indica, deben corresponderse coas habilitadas que seleccionou no apartado 2.1.5. Revíseas, e se considera que non aparece algunha que vostede considere, póñase en contacto co Servizo de Persoal.
 - Se indica vernáculo teña en conta que debe estar en posesión do perfil vernáculo que indique, e este debe pertencer á especialidade escollida.
 - Se indica bilingüismo, debe estar en posesión do perfil bilingüe que indique. Lembre que o bilingüismo debe pertencer á especialidade escollida.
 - É obrigatorio indicar se a praza que solicita é itinerantes ou non.
- Revise os datos inseridos, con especial coidado a lista de postos polos que desexa exercer este dereito, e non esqueza gardar ó final.

2.1.8 Concorrenca.

O apartado de concorrenca só se debe cubrir se participa con carácter voluntario e fai uso deste dereito. Os inspectores non cubrirán este apartado.

Especifique os datos do concorrente (é obrigatorio indicar como mínimo, a parte do DNI, o nome e primeiro apelido).

Teña en conta que o concorrente que indica debe participar tamén no concurso para que sexa válido.

Tamén indicará neste apartado a provincia na que desexa exercer este dereito. A orde dos centros dentro da provincia especificaranse no apartado de peticións (apartado 2.1.9), lembre que só se permitirán peticións a centros desta provincia.



Datos persoais Prazas participación Dereito pref. centro Dereito pref. localidade/zona **Concurrencia** Participación forzosa

Peticións Validación final Baremo

Concurrencia Concurso escollido: CONCURSO DE TRASLADOS
2017/2018 (SECUNDARIA E OTROS)

Nestes intres a axuda non está dispoñible, desculpe as molestias.

Participante: 91014078L- docente_secundaria comun- USUARIO PROBAS
Código e corpo da instancia: SX201710241677047c Corpo: 590-Profesores de ensino secundario

Dereito de concurrencia

A cubrir só se participa con carácter voluntario e fai uso do dereito de concurrencia

Concorrentes

	DNI	Nome	Primeiro apelido	Segundo apelido
2.	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
3.	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
4.	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Código da provincia na que desexa exercer este dereito.

Código

Teña en conta á hora de cubrir este apartado, para evitar erros:

- Se indica algún concorrente, para cada un é obrigatorio indicar o DNI, nome e primeiro apelido.
- Non insira dous concorrentes repetidos.
- O concorrente nunca pode coincidir co propio participante.
- No caso de indicar algún concorrente, é obrigatorio indicar a provincia na que exerce o dereito de concurrencia.



2.1.9 Participación forzosa.

